



## CIRCULAR INFORMATIVA 17-02-2022



Estimadas familias, informamos sobre varios temas:

- Uso de máscaras:

A semana pasada enviamos unha nota por abalar.

Informar que en interiores segue sendo obrigatorio o uso de máscara a maiores de 6 anos, pero non ao aire libre. Tan pronto como mellore a incidencia de contaxio, pensamos que as autoridades, considerando aos colexios lugares seguros, procederán relaxar máis as medidas e voltaremos á normalidade. Ánimo!

- Entroido 2022:

A vindeira semana celebraremos o Entroido. O meco, seguindo a tradición, anunciará os seus mandados para o luns, martes, mércores e xoves. Aquí vai o primeiro:



### LUNS 21:

Que comence o Entroido,  
Amiguiñas e amiguiños!  
Para ao Meco contentar,  
Algo natural na cabeza  
Has levar!!!!



O venres, 25-02-22, poderán vir con disfraz libre, maquillados/as da casa.

Non recomendamos que traian obxectos ou complementos que poidan compartir nin máscaras que cubran todo o rostro .

Remataremos a semana con merenda, música e festa na aula.

- Admisión para o curso 22-23:

As familias do alumnado que segue escolarizado no colexio para o próximo curso non teñen que facer nada, a continuidade é automática.

O alumnado que termina 6º de Ed. Primaria, se fixo a reserva de praza para o IES San Paio, debe estar pendente de que foi admitido e só terá que formalizar a matrícula en xuño.

O alumnado que se escolariza por primeira vez (Ed. Infantil 3 anos) ou cambia de centro educativo poderá realizar a solicitude de admisión do 1 ao 20 de marzo. Pódese facer pola aplicación da Xunta ou presencialmente no colexio.

- Plan Director:

En marzo teremos unha sesión informativa para o alumnado do 3º ciclo (5º e 6º EP) sobre o uso responsable de internet e redes sociais. Dado o interese que xenera nas familias este tema, tamén haberá outra para nais e pais en horario de tarde. Serán informados da data puntualmente.

Un saúdo

A DIRECCIÓN

